



INFORME SECTORIAL SOBRE O DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO E O BORRADOR DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE REDONDELA

SOLICITANTE: Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

FEITOS

O 13.06.2018 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático acordou someter a consulta pública, durante un prazo de 2 meses, o documento ambiental estratéxico e o borrador do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Redondela.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 50 da *Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes*, establece que nos terreos forestais incendiados queda prohibido o cambio de uso forestal durante ao menos 30 anos e establece que as comunidades autónomas poderán acordar excepcións á dita prohibición nuns casos concretos. A dita prohibición foi introducida pola *Lei 10/2006, do 28 de abril*, pola que se modificou a *Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes*, e está en vigor dende o 30 de abril de 2006.

O artigo 59.3. da *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia* establece que en terreos afectados por incendios forestais, non se poderá producir un cambio de uso en trinta anos. Con carácter singular, poderanse acordar excepcións sempre que, con anterioridade ao incendio forestal, o cambio de uso estiver previsto:

- Nun instrumento do planeamento previamente aprobado.
- Nun instrumento do planeamento pendente de aprobación se xa foi obxecto de avaliación ambiental favorable ou, de non ser esta esixible, se xa foi sometido ao trámite de información pública.
- Nunha directriz de política agroforestal que recolla o uso de pastos ou agrícola extensivo en montes incultos ou en estado de abandono que non estean arborados con especies autóctonas.

O artigo 4 da *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia* establece que o órgano competente en materia forestal levará un rexistro cartográfico e informático das superficies queimadas. O sistema informático está operativo dende o ano 1989 e o rexistro cartográfico dende o ano 2010.

Logo de realizar o cruzamento entre as zonas clasificadas no Plan como de núcleo rural, urbano ou urbanizable, e o rexistro cartográfico das superficies afectadas por incendios forestais entre os anos 2010 e 2016 da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, comprobouse que existen varias zonas con lixeiros solapes nos que podería ser de aplicación o artigo 59.3 da *Lei 7/2012*. Eses solapes foron detectados en dúas parroquias do termo municipal, Ventosela e o Viso, e deben de ser avaliados o corrixidos no caso de que constitúan un incumprimento do dito artigo.





INFORME SECTORIAL

Na redacción e na planificación do PXOM debe terse en conta o disposto no artigo 50 da *Lei 43/2003* e no artigo 59.3. da *Lei 7/2012*. Para elo esta Subdirección Xeral remitíralle ao Concello de Redondela o rexistro cartográfico e informático oficial das superficies afectadas por incendios forestais no dito concello, co fin de que se verifique que a proposta de áreas de nova urbanización, as novas áreas empresariais, industriais e terciarias, así como aquelas outras onde se propoña un cambio de uso, non se solapan coas zonas afectadas por incendios forestais. No caso de existir solapamento deberá de modificarse o límite das zonas propostas a efectos de cumprir cos anteditos artigos.

Así mesmo sería conveniente representar nalgún dos planos de información as superficies afectadas por incendios forestais que constan no rexistro cartográfico e informático das superficies queimadas da Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

Santiago de Compostela

O Subdirector Xeral de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

Miguel Ángel Cela González

